

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR

Curso 2020-2021



IES O Ribeiro
Edificio O Ribeiro

Índice:

1.	COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR.....	5
	Composición	5
	Funcións	5
2.	IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E ANÁLISE DE RISCOS	6
	Identificación.	6
	EMPRAZAMENTO.....	6
	EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS PRÓXIMAS	7
	VÍAS DE COMUNICACIÓN E ACCESOS	8
	DATOS CONSTRUTIVOS E INSTALACIÓNS.	9
	Datas de construción e de reformas	9
	Características constructivas	9
	Cerramento do solar	10
	SUPERFICIES.....	10
	DISTRIBUCIÓN, SUPERFICIE E OCUPACIÓN DAS DEPENDENCIAS	11
	ACCESOS	14
	INSTALACIÓNS XERAIS CON RISCO.	15
	INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN.	16
	MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DENTRO DO RECINTO	16
	MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORA DO RECINTO	16
	SISTEMA DE AVISO E ALARMA	16
	MATERIAL DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN	17
	Botiquín de primeiros auxilios	17
	Material de rescate	17
	Chaveiro de emerxencia	17
	MEDIOS DE EVACUACIÓN.	17
	Risco de incendios nas subactividades do centro.....	17
3.	EQUIPOS E CONSIGNAS.....	19
	XEFATURA DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIA	19
	Composición	19
	Funcións	20
	En caso de ameaza de bomba	20

En caso de inundacions, temporal etc.....	20
EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN (EPI).....	21
Composición	21
Funcións.....	22
EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS (EPA).....	22
Composición	22
Funcións.....	22
PRIMEIROS AUXILIOS, EQUIPO DE EVACUACIÓN DE PLANTA (EEP)	23
EQUIPO DE EVACUACIÓN DE PLANTA (EEP)	24
Composición	24
Funcións.....	24
EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN (EAE)	24
Composición	24
Consignas profesores:	24
Consignas alumnos:.....	25
4. DESEÑO DA EVACUACIÓN.....	26
OCUPACIÓN REAL NO CURSO 2010-2011.....	26
VÍAS DE EVACUACIÓN	26
NORMAS QUE HAI QUE SEGUIR PARA UNHA EVACUACIÓN ORDENADA.....	26
Normas para profesores	26
Normas para alumnos.....	27
Normas para conserxes.....	28
Responsable da cafetaría.....	28
APERTURA DAS PORTAS	28
TEMPOS PARA A EVACUACIÓN.....	29
ORDE DE EVACUACIÓN E PORTAS DE SAÍDA.....	29
PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN.....	29
PROGRAMA DE MELLORA E MATEMENTO	30
PROGRAMA DE FORMACIÓN.....	31
Destinatarios	31
Obxectivos	31
Contidos.....	31
Desenvolvemento	32
Metodoloxía	32

Avaliación	32
ANEXOS	33
ANEXO I. Planos de situación de medios de extinción	33
ANEXO II. Protocolos de actuación	33
ANEXO III. Vías de evacuación	36
ANEXO IV. Avaliación simulacro de alerta	36
ANEXO V: Planos de situación de bocas de incendios e puntos de carga de auga.....	36

1. COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR.

Composición

Director do Centro

Secretario

Representantes do persoal docente

Representantes do persoal non docente

Representante dos alumnos

Representante dos pais/nais de alumnos

Elixidos entre os que forman parte do Consello Escolar do centro.

Funcións

As funcións da comisión son a redacción, a implantación práctica, a mellora e o mantemento do presente plan de autoprotección que en todo caso deberase revisar cada ano polas posibles modificacións no centro ou cambios no persoal ou alumnos/as.

2. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E ANÁLISE DE RISCOS

Identificación.

NOME:	I.E.S. O Ribeiro
C.I.F.:	Q8255044-C
CÓDIGO:	32015475
TITULARIDADE:	Pública. Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional.
ENDEREZO:	Rúa Carballiño s/n
LOCALIDADE:	Ribadavia
C.P.:	32400
CONCELLO:	Ribadavia
PROVINCIA:	Ourense
TELÉFONO:	988-788266 988-7888267
FAX:	988-788273
Correo	ies.oribeiro@edu.xunta.es

EMPRAZAMENTO.

IES O Ribeiro está situado no Concello de Ribadavia no cuadrante noroccidental da provincia de Ourense. Linda polo norte, co concello de Carballeda de Avia e o de Beade; polo leste co de Cenlle e do castrelo de Miño; polo sur, co de Arnoia ;e polo oeste, Melón.

As temperaturas medias son elevadas (media anual 14 °C), invernos fríos e veráns moi quentes (aridez e estival), con unha oscilación que supera os 15 °C. No que respecta as precipitacións son as máis baixas de Galicia (800 mm - 900 mm), con un mínimo moi acusado no verán e un máximo pouco significativo no inverno, e precipitacións relativamente pouco importantes nas outras estacións. O número de días de choiva (110) e as horas de sol (2500), cotas menor e máis elevada respectivamente de Galicia, son outras características significativas. Por outro lado, néboas e xeadas son frecuentes como consecuencia dun fenómeno de inversión térmica, aspecto de suma importancia en toda a zoa vitícola.

A súa situación xeográfica é: latitude 42° 17 36, Norte; e lonxitude de 8° 07 42 Oeste, sendo a súa altitude de 100 metros sobre o nivel do mar. Ten unha superficie de 25,08 Km². Ten dezaseis entidades de poboación e sete parroquias.

Está recorrido por un pequeno sector do río Miño e onde se recolle un dos seus afluentes mais característicos o Avia; ademais desemboca no Avia o regato Maquiáns

En comunicacións ten a Autovía do Noroeste A-52, a Nacional 120, a C-801 entre Ribadavia Cortegada e a fronteira con Portugal. A e C-504 entre Ribadavia Leiro e o Carballiño.

O Instituto atópase emprazado ao norte da vila de Ribadavia, na rúa do Carballiño, fronte ao centro de Saúde.



EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS PRÓXIMAS

As edificacións que están máis preto do centro son instalacións da Consellería de Educación e O.U. no lado norte CPI Tomás de Lemos co cal compartimos as instalacións de patio e pavillón polideportivo (situado ao oeste do centro e nunha elevación do terreo de aproximadamente oito metros. Na parte leste comunica coa estrada comarcal 801 e o sur con fincas privadas dedicadas o cultivo de uva.

O terreo onde está construído e duro (pedra) resaltar a elevación onde se atopa o pavillón polideportivo comunicado coas instalacións do centro a través dunhas escaleiras de oito metros con un descanso (situadas oeste)

VÍAS DE COMUNICACIÓN E ACCESOS

A vila ten servizo de varios tipos viarios distintos:

- a) A autovía Vigo-Benavente (A-52). Tal vía supón unha fácil comunicación entre Vigo e Madrid e entre Ribadavia e a capital da provincia.
- b) A estrada nacional 120, antiga estrada nacional a Madrid.
- d) Vías de comunicación de carácter comarcal dependentes do sistema autonómico. É o caso da estrada Ribadavia-Cortegada e Ribadavia-Leiro- O Carballiño que son autonómicas de primeiro orden.



Os principais **accesos ó centro**:

- a) Rúa do Carballiño (Rúa del Ribeiro no mapa) de modo directo dende Ribadavia, e una avda. con viais de 4 mts de ancho e beirarrúas de 1 mts de ancho.
- b) Pódese acceder tamén pola nacional 120 e polo pavillón polideportivo.
- c) Dende a Autovía accedese pola rúa do Carballiño.



DATOS CONSTRUTIVOS E INSTALACIÓNS.

Datas de construción e de reformas

O edificio vello foi construído no ano 1954

A parte nova foi construída no ano 1998

Características construtivas

Edificio vello

Tanto para a construción inicial como para as reformas, os elementos construtivos son os seguintes:

- a) Pilares e forxados de formigón armado, vigueta e bovedilla de formigón.
- b) Cerramentos de pedra e divisións de ladrillo cerámico.
- d) Cuberta de tella cerámica plana apoiada sobre forxado ríxido.
- e) Carpintería exterior aluminio
- f) Carpintería interior de paneis rechapados.

Pavillón polideportivo

- a) Pilares e forxados de ferro.
- b) Cerramentos e divisións de dobre bloque
- d) Cuberta de paneis sándwich apoiados sobre vigas de ferro
- e) Carpintería exterior de aluminio.
- f) Carpintería interior de paneis rechapados.

Edificio novo

- a) Pilares e forxados de formigón armado, vigueta e bovedilla de formigón.
- b) Divisións de ladrillo cerámico.
- c) Paredes exteriores de revestimento.
- d) Cuberta de paneis sándwich apoiados sobre laterais
- e) Carpintería exterior de aluminio
- f) Carpintería interior de paneis rechapados.

Cerramento do solar

O tipo de cerramento da finca que ocupan as instalacións do instituto muro de formigón e unha alambrada

SUPERFICIES

- Superficie edificada: 8656 m².
- Cancha exterior polideportiva: 5600 m².

	Edificio antigo	Edificio novo	Edificio do Pavillón	Suma Total
Altura total (en metros)	8 m	8,00	10,00	--
Superficie total (m ²)	3989	1515	1500	7004
Superficie da planta baixa (m ²)	2507	1515	--	4022
Superficie da planta 1ª (m ²)	1482	876	--	2558

Indicar que os sectores de incendios non superan en ningún caso o 4000 m², límite máximo establecido por lei xa que no primeiro andar a parte nova da antiga está separado por unha porta de ferro que permitiría illar estes dous sectores en caso de lume.

DISTRIBUCIÓN, SUPERFICIE E OCUPACIÓN DAS DEPENDENCIAS

EDIFICIO ANTIGO			
PLANTA BAIXA			
Nº de local	Utilización	Sup .M ²	Ocupación máxima
001	Entrada	123,76	2,00
007	Administración	15,51	4,00
008	Secretaría	14,00	6,00
010	Dirección	19,80	10,00
011	Conserxería	12,80	5,00
012	Salón actos	276,05	300,00
015	Arquivo1	17,60	2,00
016	Aula 1	54,00	35,00
017	Sala de visitas1	12,40	4,00
018	Laboratorio fotográfico	14,88	3,00
019	Aula 2	52,80	35,00
020	Aula 3	54,00	35,00
021	ANPA – Libros de Texto	10,54	4,00
022	Departamento de Filosofía	12,16	4,00
023	Biblioteca	109,65	50,00
024	Departamento de Galego	12,71	4,00
025	Departamento de Inglés	12,71	4,00
026	Aula 4	52,20	35,00
027	Gabinete Médico	11,47	4,00
028	Aula 5 (5A-5B)	67,20	25,00
029	Departamento Mantemento	10,23	4,00
030	Departamento Relixión-Música	9,61	6,00
033	Aula 6 (6A-6B)	61,6	35,00
034	Arquivo2	18,29	2,00
035	Aula 7	41,25	25,00
036	Aula 7A	23,78	15,00

038	Aula	23,78	15,00
039	Aula da Pizarra dixital	163,00	50,00
040	Departamento de Física-Química	14,80	4,00
041	Departamento de Educación Física	12,00	4,00
042	Sala de caldeiras nova	8,00	3,00
051	Sala de caldeiras soto	30,00	3,00
052	Almacén limpeza soto	4,00	2,00
045	Despacho 1	31	4
046	Despacho 2	31	4
049	Aula B1	49	25
050	Aula B2 Info 3	49	25
051	Aula B3	49	25
052	Aula B4	49	25
053	Aula B5	49	25
054	Sala visitas 3		8
055	Sala Visitas 4		8
056	Audiovisuais 1		80
057	Cafetería		200
PLANTA PRIMEIRA			
Nº de local	Utilización	Sup .M ²	Ocupación máxima
101	Aula de Plástica	121,54	50,00
102	Sala de Profesores	84,60	60,00
104	Departamento de Orientación	18,60	10,00
105	Aula 8	53,40	30,00
106	Aula 9	53,40	30,00
107	Aula 10	53,40	30,00
108	Aula 11	53,40	30,00
109	Aula 12	34,20	20,00
110	Xefatura de Estudos	11,40	4,00
111	Laboratorio de Ciencias Naturais	69,30	30,00
112	Laboratorio de Física	70,20	30,00
113	Laboratorio de Química	65,70	30,00

114	Aula de informática	64,80	30,00
115	Aula 12	41,04	25,00
116	Aula 13	19,72	20,00
117	Departamento de Xeografía-Historia	14,62	5,00
118	Aula 14	34,02	25,00
119	Departamento de Lingua Castelá	17,10	5,00
120	Aula 15	50,48	30,00
121	Aula 16	50,48	30,00
122	Almacén	4,00	2,00
123	Aula Música	58,86	30,00
124	Aula 17	54,60	35,00
125	Aula 18	54,60	35,00
126	Aula 19	54,60	35,00
127	Aula 20	54,60	35,00
128	Aula 21	54,60	35,00
129	Aula 22	12,80	15,00
130	Departamento Ciencias	22,80	15,00
132	Departamento de EPV	8,95	4,00
133	Departamento Clásicas	8,95	4,00
134	Departamento Matemáticas	8,95	5,00
135	Departamento de Música	10,00	4,00
PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.- PLANTA ÚNICA			
Nº de local	Utilización	Sup .M ²	Ocupación máxima
402	Despacho almacén		3,00
403	Almacén		3,00
404	Vestuario1		35,00
405	Vestuario2		35,00
406	Vestuario3		35,00
407	Vestuario4		35,00
408	Vestuario5		35,00
409	Almacén limpeza		2,00
411	Almacén cadro eléctrico		4,00
412	Caldeira calefaccións		3,00
413	Cancha		300,00

ACCESOS

O centro está constituído por unha edificación en forma de L.

Na estrutura edificada actual, o centro presenta 5 accesos dende ás rúas ó seu interior:

- Porta automática de que dá directamente á Avenida do Carballiño. Permite o paso de vehículos grandes, cunha anchura de 6 metros
- Unha porta pequena de apertura de 2 metros de dobre folla.
- Unha porta de dobre folla que permiten o paso de vehículos grandes, que da á nacional 120 entrada para o pavillón cunha anchura de 5 metros
- Dúas cancelas peonís que dan a rúa do carballiño de 1,50 m. de ancho.
- Porta de dobre folla cunha anchura de 2 metros na parte sur do patio.
- Porta de dobre folla cunha anchura de 4 metros na parte sur do patio.

PORTAS ACCESO Ó EDIFICIORIBEIRO

PLANTA BAIXA			
LOCAL Ó QUE SE ACCEDE	TIPO	APERTURA	ANCHO CM.
Entrada principal 5 portas	Dobre Folla	Para fóra	175
Oficinas	Simple Folla	Para dentro	90
Salón de actos 3 portas	Dobre Folla	Para fóra	180
Caldeiras	Simple Folla	Para fóra	90
Entrada posterior aulas novas	Dobre folla	Para dentro	175
Entrada o carón despachos novos	Dobre folla	Para dentro	175
Entrada debaixo parte nova cafetería	Dobre folla	Para fora	175
Entrada debaixo parte nova escaleiras	Dobre folla	Para fora	175

PLANTA 1ª			
LOCAL Ó QUE SE ACCEDE	TIPO	APERTURA	ANCHO CM.
Escaleira Exterior emerxencias.	Simple Folla	Para fora	120

EDIFICIO DO PAVILLÓN			
PLANTA ÚNICA			
LOCAL Ó QUE SE ACCEDE	TIPO	APERTURA	ANCHO CM.
Acceso dende Vestíbulo	Dobre Folla	Para fora	160

Acceso dende posterior	Dobre Folla	Para fora	160
------------------------	-------------	-----------	-----

ESCALEIRAS

EDIFICIO ANTIGO		
Traxecto	CANTIDADE	ANCHO cm
Acceso dende o patio cuberto o lateral esquerdo	2,00	200
Acceso dende o porche traseiro a lateral dereito	1,00	500
Acceso dende o exterior o vestíbulo	1,00	200
Acceso dende o vestíbulo á segunda planta dereita	1,00	200
Acceso dende o vestíbulo á segunda planta esquerda	1,00	200
Acceso en segundo piso a emerxencia exterior	1,00	120

EDIFICIO NOVO		
Traxecto	CANTIDADE	ANCHO
Acceso dende o vestíbulo aos distintos pisos	1,00	112

INSTALACIÓNS XERAIS CON RISCO.

Cociña: na cafetería, segundo o plano, con electricidade e gas propano.

Calefacción: Son de risco elevado as salas de caldeiras do edificio antigo e do pavillón onde se atopan tamén os depósitos de gasóleo.

Laboratorios: na planta superior do edificio antigo temos dous, un de ciencias e outro de química.

Talleres: as aulas de informática e o taller de tecnoloxía.

Biblioteca: na planta de abaixo, de risco pola acumulación de libros, mobles e tamén ordenadores.

No exterior dos edificios

- **Depósito de gasóleo de 10.500 litros** de capacidade, soterrado no xardín dianteiro do edificio vello, coa súa correspondente boca de carga e rede de tubarias de condución do combustible.
- **Grupo de 6 botellas de gas propano**, nun armario pechado no lado da cociña e cafetería parte posterior zona nova de bacharelato.
- **Cadro eléctrico cos contadores dos dous edificios** que forman todo o

complexo na entrada na subida a torre.

Cadros eléctricos:

- Xeral de todo o centrona entrada na torre.
- Secundario planta baixa conserxería
- Secundario planta primeira na metade fronte as aulas 9 e 10.
- Secundario planta primeira o lado da aula de música

- Un cuadro eléctrico secundario no Gabinete médico controla o fluído da aula de informática e tecnoloxía da planta baixa, focos, luces e aerotermos.

INSTALACIONES DE PROTECCIÓN.

Detección automática: Non

Alarma: Si

Teléfono interior: Si

Teléfono exterior: Non

Sirena: Si

Megafonía: Non é automática con instalación, pero sí manual con dous megáfonos.

Extintores: Si (28)

Bocas de incendio: Si (5)

Iluminación de emerxencia en corredores, non en portas e escaleiras.

MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DENTRO DO RECINTO

Reflectidas nos planos

MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORA DO RECINTO

Segundo información facilitada polo concello, os medios de extinción de incendios dispoñibles na localidade son 1 camión motobomba de 2.000 litros de capacidade e as mangueras en lanzas correspondentes.

SISTEMA DE AVISO E ALARMA

O centro non dispón dun sistema específico e exclusivo de alarma para situacións de emerxencia. No caso de ser necesario empregaríamos o timbre que se usa tamén para marcar os momentos de inicio e saída das clases, facendo soar cunha clave preacordada: **un timbre consistente en toques intermitentes seguidos.**

MATERIAL DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

Caixa de primeiros auxilios

O instituto dispón dun total de 1 caixa de primeiros auxilios, situado na dependencia de Conserxería (Outro no pavillón).

Material de rescate

Non existe no centro ningún material específico previsto para operacións de rescate. Aínda que se conta con pequenas ferramentas e unha escaleira portable de 4 metros para tarefas de mantemento, un megáfono e 1linternas.

Chaveiro de emerxencia

O chaveiro de emerxencia con copias das chaves das portas de saída dos edificios ,atópase en tres dependencias:

No Arquivo 1

No despacho do secretario

Na conserxería

MEDIOS DE EVACUACIÓN.

Na planta baixa

Nº de saídas ó exterior: 5 onde alomenos 2 son opostas que suman un ancho de 175 cm.

Na planta alta

Nº de escaleiras 2 opostas cun ancho de 200 cm.

Risco de incendios nas subactividades do centro

Utilización dos locais	Risco intrínseco de incendio	
Aulas	Baixo	1
Laboratorio de química	Medio	5
Laboratorio de ciencias	Baixo	1

Aula de plástica	Baixo	1
Biblioteca	Medio	5
Arquivos	Medio	5
Gabinete médico	Baixo	1
Aseos	Baixo	1
Depósito de combustibles	Alto	8
Aulas informática	Medio	5
Salón de actos	Baixo	1
Sala de caldeiras	Alto	6
Oficinas e despachos	Baixo	2

Plano de risco (interior edificios)





3. EQUIPOS E CONSIGNAS

XEFATURA DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIA

Dadas as especiais características do traballo docente, que fan que a presenza dunha persoa no centro varíe segundo os días e as horas, para que a xefatura de intervención e emerxencia teña unha presenza constante, establécese con carácter xeral que corresponda ó **cargo directivo** no momento de producirse a emerxencia en cuestión.

A mais diso, establécese a seguinte composición da dita xefatura para, no caso de atopárense varios cargos directivos no centro, detectar con carácter particular a dita xefatura de forma xerárquica:

Composición

Coordinador Xeral: Director ou directora do centro

Suplente primeiro: Secretaria ou secretario

Suplente segundo: Xefe ou xefa de Estudos

Suplente terceiro: Vicedirector ou vicedirectora

Funcións

En caso de accidente ou emerxencia

- Atenderá ó ferido.
- Ordenará, se o considera procedente, que se avise ó equipo de primeiros auxilios do 061.
- Requirirá o transporte e ordenará o traslado do ferido a un centro sanitario, se fose necesario, previo informe do equipo de primeiros auxilios.
- Avisará e informará do suceso ós familiares directos do ferido.

Se se detecta un incendio

- Recibirá a información e valorará o risco.
- Ordenará que se emita a sinal de alarma, no seu caso.
- Ordenará, se o considera procedente, a primeira intervención contra o lume.
- Sairá a recibir ás axudas externas (bombeiros, sanitarios, garda civil, etc...).
- Colaborará coas axudas externas mediante a aportación dos datos de utilidade para a intervención que resulte pertinente: tempo transcorrido, localización e accesos.
- No seu caso, ordenará a evacuación total ou parcial do centro.
- Colaborará na dirección do control da emerxencia.
- Recibirá a información dos grupos de alarma, primeira intervención e evacuación.
- Redactará un informe, se o suceso é de gravidade suficiente, das causas, do proceso e das consecuencias do incidente.

En caso de ameaza de bomba

Porase en contacto coa Garda Civil ou Policía Nacional, para ver se aconsella a evacuación ou outro tipo de medidas.

En caso de inundacións, temporal ou calquera emerxencia.

E importante en caso de inundacións vixiar especialmente a planta baixa da parte vella fundamentalmente os rexistros dos baños , o carto de caldeiras e cadro eléctrico. E especialmente o foso do ascensor onde a auga pode depositarse, e na parte vella o lateral

sur, especialmente as caldeiras vellas

Analizaranse os problemas e tomaranse as directrices necesarias que xa veñen funcionando a saber fundamentalmente comunicarse vía telefónica, Fax ou outros medios , neste caso o equipo de crises da dirección do centro dispón dunha lista de teléfonos e medios de localización para avisar fundamentalmente e tra-la avaliación dos problemas a:

Empresas de transporte(caso de suspensión urxente de clases)

Pedáneos da zoa e outras autoridades para dar a coñecer a posible suspensión das clases.

Comunicación aos profesores especialmente aos que viven fora da zona sobre o particular

Comunicación a administración educativa

Comunicación a medios de comunicación

Medios sanitarios e de salvamento

Comunicación co persoal non docente especialmente o servizo de limpeza en caso de inundacións

EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN (EPI)

Composición

Dada a particular estrutura do edificio que constitúe o instituto, é preciso articular un sistema flexible e non reducir a un único equipo as tarefas de primeira intervención, senón organizar dous equipos conforme a existencia e ocupación habitual do IES O Ribeiro Por iso están tamén asignadas as responsabilidades nas distintas dependencias do centro, que poden estar ocupadas, ou non, segundo o día e hora dos feitos.

PLANTA BAIXA	Responsable titular	Profesor ou profesora de servizo no local do incidente Profesor ou profesora de garda
--------------	---------------------	--

PLANTA PRIMEIRA	Responsable titular Responsable suplente	Profesor ou profesora de servizo no local do incidente Profesor ou profesora de garda

EDIFICIO DO PAVILLÓN

PLANTA ÚNICA	Responsable titular	Profesor ou profesora de servizo no local do incidente
--------------	---------------------	--

Funcións

Se se detecta un incendio

- Collerá os equipos de primeira intervención.
- Intentará extinguir o incendio.
- Informará ó Xefe de Intervención e emerxencia e esperará as súas instrucións.
- Colaborará, se se considera necesario, coa axuda externa na extinción.

EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS (EPA)

Composición

Profesor ou profesora de Educación Física, de garda, conserxes e membros do equipo directivo.

Funcións

- Prestará asistencia ó ferido.
- Avaliará a lesión e informará da mesma ó Xefe de Intervención e Emerxencia.
- Preparará o traslado do ferido se fose necesario ou.
- Acompañará ó ferido ó centro sanitario que se atopa enfronte do noso centro.
- Presentará un informe ante o Xefe de Intervención e Emerxencia que poderá ser verbal nos sucesos leves. En casos de gravidade o informe deberá ser redactado por escrito seguindo como modelo o formulario seguinte:

I.E.S. O Ribeiro
PARTE DE ACCIDENTE DENTRO DO RECINTO ESCOLAR

DATOS DO ACCIDENTADO

NOME.....

Curso e grupo.....

DATOS DO ACCIDENTE

DATA HORA LUGAR.....

TIPO DE LESIÓN

DATOS APORTADOS POR

ACTUACIÓNS TRA-LO ACCIDENTE

ANÁLISE DO ACCIDENTE

DESCRIPCIÓN

CAUSAS

INFORMACIÓN MÉDICA

AVISO ÓS PAIS

**MEDIDAS CORRECTORAS PARA EVITAR NOVOS ACCIDENTES DO
MESMO TIPO**

Ribadavia, de de 20

POLO EQUIPO DE

O DIRECTOR

PRIMEIROS AUXILIOS

EQUIPO DE EVACUACIÓN DE PLANTA (EEP)**Composición**

Planta Baixa	Responsable titular	Profesor ou profesora de BIBLIOTECA
	Responsable suplente	Profesor ou profesora de GARDA
PLANTA PRIMEIRA	Responsable titular	Representante Dpto. de Orientación
	Responsable suplente	Profesor ou profesora de GARDA

EDIFICIO DO PAVILLÓN

PLANTA ÚNICA	Responsable titular	Profesor ou profesora de servizo no local do incidente
--------------	---------------------	--

Funcións

- Designará a vía ou vías de evacuación, segundo a emerxencia e as ordes do Xefe de Intervención e Emerxencia.
- Dará as ordes para o torno de saída.
- Verificará que non quede ninguén nas aulas, servizos etc... e calquera outra dependencia da planta.
- Verificará que as ventás e portas de tódalas dependencias están pechadas.
- Evacuará a planta no último lugar.
- Unha vez acabada a evacuación da planta dará o parte ó Xefe de Intervención

EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN (EAE)**Composición**

Tódolas persoas do centro

Calquera persoa que detecte unha alarma deberá avisar

Consignas profesores:

Se se detecta unha emerxencia:

Intentará soluciónala.

Fará soa-la alarma.

E Informará o xefe de intervención e emerxencia.

E Retornará ó seu posto.

Se soa a alarma de evacuación:

Indicaralles ós ocupantes que manteñan a orde.

Controlará que non recollan ningún obxecto persoal.

Formará dúas ringleiras nos laterais da sala ou habitación.

Esperará a orde de saída do xefe de planta.

Pechará tódalas fiestras.

Comezará a evacuación na orde indicada e seguindo a vía fixada.

En caso de fume a evacuación realizarase a rentes do chan.

Unha vez evacuados tódolos ocupantes, sairá en derradeiro lugar e pechará a porta despois de verificar que non queda ninguén.

Dirixirase ó lugar de concentración fixado.

Realizará o control de ocupantes.

Informará ó xefe de intervención e emerxencia.

Consignas alumnos:

Se se detecta un accidente:

Comunicarllo ó responsable máis próximo.

Retomar rapidamente á súa dependencia.

Se soa a alarma:

Mante-la orde.

Atende-las indicacións do responsable de planta.

Non demorarse para recoller obxectos persoais.

Saír ordenadamente e sen correr.

Non falar durante a evacuación.

Permanecer no punto de reunión en proximidade do responsable de planta.

4. DESEÑO DA EVACUACIÓN

OCUPACIÓN APROXIMADA:

- 400 alumnos
- 2 auxiliares administrativas
- 42 profesores
- 4 limpadoras
- 2 conserxes

A ocupación do centro oscila segundo o día da semana e as horas:

- Prodúcese unha ocupación máxima polas mañás dos días lectivos, entre as 8:50 e as 14:20 horas.

- **Os martes** o centro só interrompe ó mediodía a súa ocupación, pois ten tamén actividade docente normal pola tarde entre as 16:00 e as 17:40

- O centro está deshabitado durante a noite, festivos, períodos vocacionais e hai outro tipo de ocupación do centro que só afecta ó edificio do pavillón e que se produce en dúas situacións:

- Polas tardes, fora do horario lectivo

- Determinados días de utilizado polo concello. O plan de evacuación non contempla estas actividades por non ser competencia da dirección do centro nin a planificación nin a execución das mesmas.

VÍAS DE EVACUACIÓN

Son as que se indican nos planos rotulados coa palabra ENCONTRO con liñas de cor VERDE. As vías alternativas están marcadas con liñas de cor laranxa. O punto de encontro é no fondo do patio exterior paralelo a rúa do Carballiño. (**Anexo III**)

NORMAS QUE HAI QUE SEGUIR PARA UNHA EVACUACIÓN ORDENADA

Normas para profesores

- Tendo en conta a tendencia instintiva dos alumnos a dirixirse cara as saídas e escaleiras que utilizan habitualmente, e que pode non ser conveniente en caso de emerxencia, será o profesor ou profesora que teña clase con eles no intre de soar a alarma de evacuación, o responsable de que usen a escaleira e saída establecidas no plano de vías de evacuación segundo a orde establecida pola numeración correspondente.

1º) Procurará que os alumnos saian ordenadamente, en fila de un, de presa, pero sen correr, sen atropelar e sen empuxarse uns ós outros.

2º) Para unha saída ordenada, designará a un alumno que actuará como cabeza de marcha na saída (preferentemente o Delegado ou Subdelegado do grupo), e que evitará que se formen nos corredores e fóra, os distintos grupos.

3º) Designará tamén, no caso de ter alumnos con minusvalías, os alumnos que se ocuparán de axudar ós compañeiros con deficiencias motóricas, para que poidan desprazarse o mellor ritmo posible. En ningún caso usarán o ascensor, salvo en caso de simulacro

4º) O profesor ou profesora cerrará a marcha do grupo ó seu cargo e impedirá que o seu grupo inicie a saída antes de que a teña rematada o grupo que debe precedelo, segundo a secuenciación das saídas previstas no presente plan.

5º) Evitará que os alumnos leven con eles os obxectos persoais.

6º) Verificará que queden cerradas as portas e ventás da súa aula.

7º) Cada profesor ou profesora comprobará que a aula asignada queda baleira, e que ningún dos alumnos que lle corresponden nese intre quede nos aseos ou noutros locais. Os alumnos expulsados correspóndenlle ó profesor ou profesora de garda ou a persoa que teña encomendada a súa custodia nese momento (cargo directivo etc...).

8º) Pasará lista no lugar exterior de concentración previamente acordado

Normas para alumnos

1º) Cada grupo de alumnos deberá actuar sempre segundo as indicacións do profesor ou profesora.

2º) Non recollerán os obxectos persoais nin pretenderán ir buscar a outras persoas coma irmáns mais pequenos ou amigos, coa finalidade de evitar obstáculos e demoras.

3º) Os alumnos que ó soar a alarma se atopen nos aseos ou outros locais, deberán incorporarse con rapidez ó seu grupo. Se se atopan en distinta planta ou lugar do que é a súa aula de referencia, incorporaranse ó grupo máis próximo.

4º) Tódolos desprazamentos deberán facerse de presa, pero sen correr, sen atropelar e sen empuxar ós demais.

5º) Ningún alumno deberá deterse xunto ás portas de saída.

6º) Os alumnos formarán unha fila, encabezada polo alumno que o profesor ou profesora designe, xa dende dentro da súa aula, e circularán dese xeito ata o punto de reunión exterior. Insistimos en que en ningún caso o alumno abandonará a súa fila e volverá atrás co pretexto de buscar a outras persoas ou obxectos persoais.

7º) Os grupos de cada aula permanecerán sempre unidos, sen disgregarse nin adiantar ós outros, incluso cando se atopen no exterior, co obxecto de facilitar ó seu profesor ou

profesora o control das persoas evacuadas.

Normas para conserxes

1º) Se están dispoñibles no momento da emerxencia serán eles quenes farán soar a alarma co sistema acordado no presente plan.

2º) Levarán unha cronometraxe dende o momento en que fagan soar a alarma.

3º) Desconectarán as instalacións xerais do edificio por esta orde:., electricidade, gasóleo, salvo nos simulacros.

4º) Comprobarán que tódalas portas de saída ó exterior están abertas. Intentarán desbloquear a saídas que puidesen atoparse bloqueadas.

Responsable da cafetería

1) O responsable da cafetería desconectará o gas. Deberá evacuar o bar e pechalo, comprobando que queda baleiro.

APERTURA DAS PORTAS

A seguinte táboa contén a indicación das persoas encargadas de abri-las portas das diferentes edificacións do instituto, no caso de producirse unha emerxencia:

Edificio Antigo	
Porta que debe ser aberta	Persoa encargada de abri-la (disporá dunha copia da chave)
Portas da entrada fronte conserxería	Conserxe de servizo
Porta lateral esquerdo, lado torre	Conserxe de servizo no edificio vello
Porta lateral dereito fronte aula 11	Conserxe de servizo no edificio vello
Porta acceso vestíbulo inferior	Permanentemente aberta
Porta saída cafetería	Permanentemente aberta
Porta acceso secretaría	Administrativas
Porta emerxencia 2º piso	Conserxe de servizo no edificio vello

Edificio do Pavillón	
Porta secundaria do pavillón	Profesor ou profesora que imparta clase nese momento
Porta principal de acceso a vestíbulo	Permanentemente aberta si hai clases
Edificio Novo	
Porta principal	Permanentemente aberta

TEMPOS PARA A EVACUACIÓN

Considérase como tempo suficiente para unha correcta evacuación total do centro cos ocupantes recontados no punto de reunión un total de 10 minutos.

Para cada un dos edificios estímase os tempos seguintes:

- Pavillón polideportivo: 3 minutos.
- Edificio vello planta baixa: 4 minutos
- Edificio vello primeira planta: 4 minutos.
- Edificio novo planta primeira: 3 minutos
- Edificio novo planta baixa: 3 minutos

ORDE DE EVACUACIÓN E PORTAS DE SAÍDA

Na previsión da orde de evacuación só temos en conta os locais onde é previsible que exista unha certa aglomeración de persoas, todo se reflexa nos planos. Non incluímos previsión nin orde de evacuación para dependencias tales como os almacéns, os locais de caldeiras, etc..., porque non é previsible que haxa ninguén nelas e, de haber alguén, o número de persoas sería mínimo (unha ou dúas), polo que poden saír ó seu propio criterio, sen que alteren o ritmo de desaloxo do edificio, saian pola porta que saian.

PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN

REALIZACIÓN DOS SIMULACROS DE EVACUACIÓN DO CENTRO	Un cada curso.
INFORMACIÓN Ó CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	Farase unha vez por curso ó claustro e cada vez que varíe a composición do Consello Escolar en virtude dos procesos electivos que designan os seus membros.
INFORMACIÓN ÓS ALUMNOS/AS	Farase a lo menos unha vez por curso. Incorporarase o plan ás actividades de titoría.

PROGRAMA DE MELLORA E MATEMENTO

No seguinte cadro especificanse as datas de revisión, as anomalías atopadas e reparacións feitas nas instalacións do Edificio Ribeiro que teñan transcendencia para este plan

INSTALACIÓN	EMPRESA - SINATURA - DATA - ANOMALÍAS - REPARACIÓNS
ELÉCTRICA	
CALEFACCIÓN	
GAS	
BOCAS DE INCENDIOS	
EXTINTORES	

PROGRAMA DE FORMACIÓN

Destinatarios

O presente plan de formación vai dirixido a todo o persoal do centro e especialmente a tódolos alumnos do edificio Ribeiro.

No Primeiro Curso de ESO o programa é totalmente novo para o alumnado, mentres que nos seguintes será un simple recordatorio do aprendido previamente. No primeiro ano de funcionamento difundirase entre todo o alumnado e mesmo tamén entre o alumnado que se vaia incorporando ó noso centro..

Tódolos anos será preciso facer un simulacro de emerxencia para habituar a tódolos usuarios do centro a distinguir o son de alarma do timbre cotián de intercambio de clase ou de recreo ademais aprender cales son os percorridos das vías de evacuación.

Preténdese que o alumnado adquira uns conceptos, hábitos, destrezas e actitudes relacionados todos eles co ámbito global da autoprotección e que se familiarice con Plan de Emerxencia e Evacuación do edificio Ribeiro, por se nalgún momento da súa estadía no mesmo fose necesario poñelo en práctica.

O profesorado deberá recibir a formación adecuada teórica e práctica, suficiente e axeitada, en materia preventiva, segundo contempla o artigo 19 da lei 31/1995.

Obxectivos

- 1º) Coñece-las características do entorno onde está situado o noso centro.
- 2º) Coñece-las características físicas e arquitectónicas do centro e das súas instalacións.
- 3º) Identifica-los riscos e perigos do centro e das súas instalacións.
- 4º) Coñece-los medios e recursos con que conta o centro fronte ós riscos e perigos.
- 5º) Adquirir pautas de comportamento preventivas ante a aparición de riscos e perigos.
- 6º) Adquirir hábitos e destrezas de autocontrol, autoprotección e cooperación.

Contidos

1. Riscos

Como coñece-los riscos do meu entorno e do meu centro escolar.

2. Medidas Preventivas

- Medios de autoprotección: sistemas de aviso e extinción de incendios, sinais de alumeado.
- Medios de protección externos: atención sanitaria, parques de bombeiros, policía ou protección civil.

3. Que facer no caso dun terremoto

4. Que facer se se detecta unha emerxencia ou soa a alarma de evacuación

5. A evacuación

- Vías de evacuación
- Normas que seguir para unha evacuación ordenada
- Orde de evacuación e portas de saída.

Desenvolvemento

O programa desenvolverase no primeiro trimestre de cada curso escolar, dentro do horario lectivo, nas horas de titoría e por un tempo previsto de 4 horas.


Metodoloxía

As actividades propostas para conquistar avanzar na aprendizaxe da autoprotección quedarán recollidas nunha carpeta ou caderno que o alumno conservará de un curso para outro, de xeito que lle sirva e lle cubra todo o seu paso polo centro.


Avaliación

Rematado o desenvolvemento do programa, xuntaranse os profesores participantes no mesmo para efectuar unha valoración, tanto das novas aprendizaxes incorporadas coma da creación e instauración das pautas de comportamento nos tres pilares que constitúen o soporte deste plan de formación: prevención, autoprotección e autocontrol.

Trala avaliación cada curso faranse as modificacións propostas con relación ó especificado neste plan formativo.



EMERXENCIA COLECTIVA



ANEXO III. Vías de evacuación

ANEXO IV. Avaliación simulacro de alerta

ANEXO V: Planos de situación de bocas de incendios e puntos de carga de auga.